



PLAN DIGITAL

[CEIP PLURILINGÜE DE LUÍNTRA]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro	CEIP Plurilingüe de Luíntra
Dirección	Estrada de Santo Estevo, 16 32160 Luíntra (Nogueira de Ramuín, Ourense)
Teléfono	988201047
Correo	ceip.luintra@edu.xunta.gal
Páxina web	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipluintra/
Etapas educativas	Educación Infantil e Primaria.
Nº de alumnado	56
Nº de profesorado	8

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe de Luíntra atópase no concello ourensán de Nogueira de Ramuín, a 20 quilómetros da capital da provincia. Neste curso 2021 – 2022 a matrícula do centro ascende a 56 alumnos e alumnas divididos do seguinte xeito: 7 en 4º de EI, 7 en 5º de EI, 8 en 6º de EI, 6 en 1º de EP, 6 en 2 de EP, 2 en 3º de EP, 8 en 4º de EP, 7 en 5º de EP e 5 en 6º de EP e agrupados en 1 aula de 4º de EI, 1 aula de 5º e 6º de EI, 1 aula de 1º e 2º EP, 1 aula de 3º e 4º EP e 1 aula de 5º e 6º EP. A poboación escolar deste centro está determinada polas seguintes características: ambiente familiar e rural, unha renda familiar media – baixa, a dispersión da poboación, familias con 1 ou 2 fillos.

O PD vai contribuír de distintas maneiras ao Proxecto Educativo do noso centro:

- Apoiará a actuación do profesorado proporcionándolle novos recursos, medios materiais e didácticos, estratexias metodolóxicas, novos procedementos de avaliación... que favorecerán o seu labor docente e tutorial.
- Continuará coa aposta polas novas tecnoloxías adaptadas á educación que, desde fai 5 cursos, leva realizando o noso centro.
- Favorecerá ao desenvolvemento da competencia lectora.
- Mellorará comunicación interna entre os docentes e o equipo directivo.

- Favorecerá procesos de mellora educativa a través da programación de actividades formativas por parte do equipo docente.
- Buscará para conseguir unha maior implicación das familias no proceso de ensino – aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
- Axudará a coñecer e usar as posibilidades dos distintos dispositivos tecnolóxicos usados na aula.
- Tentará optimizar o equipamento informático da escola e as conexións wifi, así como a súa web e a Aula virtual.
- Axudará a estimular a curiosidade polos novos coñecementos.
- Establecerá canles comunicativas áxiles e eficaces.
- Traballará para fomentar o espírito crítico de cara a información.
- Continuará a alfabetización dixital de toda a comunidade educativa.
- Axudará ao alumnado a propiciar o seu aprendizaxe.
- Levará ata os fogares a idea de que os ordenadores e internet teñen outras posibilidades de uso máis aló do lecer.
- Axudará a propiciar un clima de aula adecuado para a convivencia e o traballo escolar.
- Aportará un sentido claro, útil e axeitado a todo o relacionado co dixital que se realice no centro.
- Mellorará as comunicacións que se realicen entre o centro e as familias ou as diversas administracións coas que colaboramos.

En canto á contribución do PD á Programación xeral podemos comentar que:

- A concreción curricular das distintas áreas e materias conterá o traballo correspondente á competencia dixital.
- Fomentarase a atención á diversidade e ás NEAE desde o PD.
- O ensino en TIC's desenvolverase de maneira secuenciada iniciándose na etapa infantil.
- Será función de cada titor ou titora a inclusión e uso das TIC's dentro da súa programación.
- As novas tecnoloxías axudarán a desenvolver as capacidades do alumnado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

As TIC's son, desde fai anos, unha realidade na nosa sociedade. Así mesmo, tamén o son na realidade dos centros de ensino. Estas TIC's son presentadas como unha disciplina transversal, que pode ser aplicada en calquera área de coñecemento.

A capacidade que nos ofrecen as TIC's para levar a cabo a xestión dun centro educativo, así como a comunicación entre o profesorado, alumnado e familias, resulta moi potente. Do mesmo xeito, a aplicación das TIC's no proceso de ensino – aprendizaxe cobra un protagonismo excepcional debido á demanda da sociedade. Na disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan

instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022 recóllese que os centros elaborarán o seu plan dixital dacordo coas instruccións que se dicten.

Tamén é certo que segue existindo unha fractura dixital por un alto porcentaxe de alumnado e profesorado. A primeira deberá ser corrixida no centro educativo e a segunda deberá ser dirixida a realizar a formación específica necesaria. A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE) destaca, no seu preámbulo, a importancia da competencia dixital para reforzar a equidade e a capacidade inclusiva do sistema. En concreto a disposición adicional décima da LOMLOE establece que “conterá as medidas que garanticen a competencia dixital do alumnado e profesorado, reducindo no posible as brechas dixitais de acceso e uso, e as previsións para a revisión dos elementos do currículo e das programacións didácticas centradas nos aspectos máis competencias do currículo. Vai ser importante poara o centro escolar a consolidación de competencias por parte do alumnado e evitar, desta maneira, a brecha dixital. Tamén é necesario que o ensino que se imparta na escola resulta motivador para o alumnado. A Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 recolle En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (en diante, a consellería) persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino- aprendizaxe, de xestión e de relación o que require dun proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O PD do noso centro buscará desenvolver os seguintes obxectivos xerais:

- 1) Impulsar o uso e aceptación das tecnoloxías no centro.
- 2) Promover o desenvolvemento da Competencia dixital do alumnado e profesorado.
- 3) Influír para que se produza un cambio metolóxico tanto no uso dos medios tecnolóxicos como na práctica docente.
- 4) Fortalecer o emprego das TIC's como un recurso máis no proceso de ensino - aprendizaxe tanto na etapa de Infantil como de Primaria.
- 5) Desenvolver a comunicación, información e colaboración mediante tecnoloxías na comunidade educativa e entre esta e as distintas administracións.

1.4. Proceso de elaboración

Durante o curso 2021 - 2022 a maioría do profesorado que forma parte no claustro de profesores comprometeuse a participar na realización do Plan Dixital. O grupo que realizou o documento final estaba formado por:

Coordinador: Francisco Lino Rafael Ramos.

Asistentes: María José Barandela Vila, Andrea Chapela García, Christelle Martin, María Moradiellos González e Ana Isabel Quintela Iglesias.

Realizamos reunións nas que todos os asistentes comentaron e preguntaron sobre os aspectos marcados, tendo en conta que, para moitos de nós, os aspectos a tratar eran moi novidosos. Os obxectivos marcados foron consensuados nesas reunións. As opinións de todos os asistentes foron tidas en conta en todo momento. A temporalización viuse un pouco afectada polos atrasos nas entregas dalgún dos documentos xa que foi un proxecto experimental de creación grupal.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O noso centro conta, a día de hoxe, con conexión por wifi en tódalas aulas, así como na biblioteca, despacho, sala de profesores e comedor. A velocidade, tanto de subida como de baixada, é suficiente na actualidade.

Equipamento dispoñible				
	Ordenadores	Pizarra dixital	Proxector	Outros
Aula 4 Infantil	2 de aula	1	1	1 Ipad 1 dispositivo
Aula 5 e 6 Infantil	1 de aula		1	
Aula 1º e 2º EP	1 de aula	1	1	24 dispositivo compartidos coa aplicación Snappet.
Aula 3º e 4º EP	1 de aula		1	15 dispositivos compartidos (Samsung)
Aula 5º e 6º EP	13 dispositivos E-Dixgal para o	1	1	1 carro de carga E-Dixgal

	alumnado. 3 dispositivos E-Dixgal para o profesorado.			1 Ipad
Biblioteca	1 de auso exclusivo da biblioteca		1	1 dispositivo multifunción táctil.
Aula Informática	7 dispositivos de mesa antigos.			
Aula Inglés	2 de aula	1	1	
Aula PT	1 de aula			1 tablet
Aula AL	1 de aula			
Despacho dirección	1 de uso exclusivo do equipo directivo.			
Sala de profesorado	2 de mesa para uso do profesorado.			1 fotocopiadora e impresora.

- O centro conta cunha páxina web onde se enlaza a información relevante para as familias. Tamén dispón dunha Aula Virtual que non está en uso. Desde este ano, os cursos de 5º e 6º EP participan no proxecto E-Dixgal. Nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º EP contamos cunha serie de dispositivos alugados que traballan coa aplicación Snappet, este ano seica vai ser o último que contemos con este servizo.
- O mantemento do equipamento do centro é xestionado pola UAC ou polo equipo E-Dixgal, aínda que ás veces, tamén usamos os nosos propios provedores de materiais e de equipamento. O mantemento do equipamento E-Dixgal corre a cargo do Servizo Premium da Consellería de Educación.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3				

	Profesorado	3.4				
	Alumnado	4.8				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8				
	Profesorado	3.5				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Alumnado	4.8				
	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.3				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Alumnado					
	Equipo Direct.	3..5				
	Profesorado	4.1				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Alumnado					
	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3.6				
G- Prácticas de avaliación	Alumnado	4.4				
	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2.8				
H- Competencias dixitais do alumnado	Alumnado					
	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.5				
	Alumnado	4.4				

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75 %</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>3</u>	<u>66,7 %</u>
INTERINO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100 %</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>77,9</u>	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>66,8</u>	Integrador/a (B1)	<u>68,2</u>	Integrador/a (B1)
PRI	<u>74</u>	Integrador/a (B1)	<u>77</u>	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>2</u>	<u>28,6 %</u>
B1	<u>4</u>	<u>57,1 %</u>
B2		
C1	<u>1</u>	<u>14,3 %</u>

C2		
TOTAL	<u>7</u>	<u>100,00%</u>

Outras fontes: Outra das fontes a destacar na que baseamos a análise DAFO foron as conversas e reunións mantidas polo profesorado implicado na realización do documento.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Os equipos e as redes están actualizados xa que este ano comezamos co proxecto Edixgal. C3	A asistencia técnica resulta moitas veces insuficiente. C5 Gran parte do alumnado non conta cun dispositivo dixital axeitado na casa. F5
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado ten unha gran implicación no centro educativo. C2 O profesorado busca e usa recursos de internet para traballar na aula. D2 + E1 O profesorado está implicado no PFPP do centro. D1 O profesorado usa as TICs na súa rutina de aula. D2 Parte do profesorado crea contidos dixitais para traballar na aula. E2	Falta de formación do profesorado no ámbito dixital. D1
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Temos un dispositivo para cada alumno de cada aula, compartido por varios rapaces da escola. C8 O alumnado de 5º e 6º EP, integrados en Edixgal, conta con cadanseu dispositivo dixital. C2	O alumnado cre que sabe manexar un dispositivo dixital. F1 + H1 + H3 + H4 + H7 + H8

		A motivación do alumnado por mellorar en cuestións como o manexo dos dispositivos, creación de contidos individuais e grupais, busca de información, comprobación da información... H1 + H3 + H4 + H6 + H7 + H8	
	FAMILIAS		
	OFERTA		Non temos ningún membro do claustro con coñecementos profundos sobre as tecnoloxías dixitais. D1
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	O centro aposta polas TICS. A3	Non contamos cunha estratexia dixital definida. A1

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		A excesiva burocracia que requiren desde a Consellería ocupa moito tempo. B3
	LEXISLACIÓN		O centro non conta cunha política de protección de datos. C7 Dificultade por gran parte do alumnado para usar dispositivos dixitais fóra do horario escolar. F4
	CONTORNA	Temos boa relación co concello. B3	A baixa matrícula da escola. B3
	ANPA	Temos boa relación coas familias. E4	
	OUTRAS ENTIDADES	As colaboracións con outras entidades poderían mellorarse. B3	

3. Plan de Acción

Os obxectivos marcados como prioritarios no PD do CEIP Plurilingüe de Luíntra para o curso 2022 - 2023 son os seguintes:

- A alfabetización dixital gradual do alumnado.
- Promover a participación do profesorado no PFPP.
- Mellorar no uso e mantemento da Aula virtual do centro.
- Dirixir parte do PFPP do centro cara a formación na competencia dixital do profesorado.
- Renovar o equipamento tecnolóxico do centro así como adquirir novos materiais e recursos que sexan necesarios.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o Plan de Acción do PD do CEIP Plurilingüe de Luíntra realizamos unha serie de reunións co profesorado implicado no proxecto. Nesas reunións analizamos os resultados das enquisas SELFIE e CDD e creamos un borrador do documento DAFO no que pormenorizamos as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades que teñen presenza no noso centro. A partir desas charlas e da análise dos datos obtidos nas enquisas fomos sacando os obxectivos que pensabamos prioritarios para a nosa escola, sempre tendo en conta os recursos humanos e materiais cos que contamos este curso. As táboas de obxectivos incluídas nas seguintes páxinas recollen, de xeito pormenorizado, os obxectivos marcados para o próximo curso en relación ao Plan dixital.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

As necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas están referidas á mellora do equipamento xa que precisamos novos dispositivos tecnolóxicos para conquistar a alfabetización dixital do alumnado. Estes novos dispositivos teñen que permitir o uso de aplicación Libres como LibreOffice.

- 1) *Novo ordenador de sobremesa para o despacho do equipo directivo.*
- 2) *Novos ordenadores para a sala de profesores.*
- 3) *Renovación do equipamento da sala de ordenadores xa que son dispositivos moi antigos.*
- 4) *Impresora para uso exclusivo da biblioteca.*
- 5) *Impresora para uso exclusivo do equipo directivo.*
- 6) *Ordenador para uso exclusivo da aula de PT.*
- 7) *Ordenador para uso exclusivo da aula de AL.*

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
1. OBXECTIVO:	Promover a participación do profesorado no PFPP.				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro de profesor@s				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nivel do claustro de profesores.					
Valor de partida	Participación do 50 % do profesorado no PFPP relacionado co dixital.					
Valor previsto e data	Conseguir un 80 % de participación do profesorado no PFPP.			Final do curso 2022 - 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Reunión para decidir os temas que desenvolverá o PFPP.	Coordinador TIC	Setembro	Espazo para a reunión Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Creación dun grupo de traballo.	Equipo directivo	Outubro	Espazo para a reunión Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Elaboración do plan de formación.	Coordinador do PFPP	Curso 2022 - 2023	Espazo para a reunión Dispositivos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS (C)						
2. OBXECTIVO:	Mellorar no uso da Aula virtual do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro de profesor@s				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Uso e mantemento da AV da escola de Luínta.					
Valor de partida	A AV da escola de Luínta atópase en desuso.					
Valor previsto e data	Que todo o alumnado e profesorado implicado sexa capaz de acceder á Aula virtual co seu usuario e o seu contrasinal.			Final do 1º trimestre curso 2022 - 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Reunion inicial e entrega dos datos de usuarios e contrasinais ao profesorado.	Equipo directivo	Outubro	Espazo para a reunión Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Reunións co alumnado implicado. Entrega dos datos de usuario e contrasinal.	Equipo directivo	Novembro	Aula Dispositivos Alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Aulas prácticas co alumnado sobre o uso da AV	Equipo directivo	Decembro	Aula Dispositivos Alumnado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": APOIO E RECURSOS (E)							
3.	OBXECTIVO:	Realizar 1 actividade cada mes na AV.				Acadado	
	RESPONSABLE:	Claustro de profesor@s				Non acadado	
	INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Actividades realizadas					
	Valor de partida	Non hai actividade na AV					
	Valor previsto e data	10 actividades realizadas			Final do curso 2022 - 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A03.1: Reunión para explicar a creación de actividades sinxelas na AV.	Claustro de profesor@s	Xaneiro	Espazo para a reunión. Dispositivos. Profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.2: Reunión de información para comprobar o desenvolvemento da actividade.	Claustro de profesor@s	Abril	Espazo para a reunión. Profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A03.3: Reunión de valoración do desenvolvemento da actividade.	Claustro de profesor@s	Xuño	Espazo para a reunión. Profesorado		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora": COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)						
4.	OBXECTIVO:	Alfabetización dixital gradual do alumnado.			Acadado	
	RESPONSABLE:	Coordinador TIC			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO		Grao de control do alumnado das ferramentas.				
Valor de partida		O alumnado non está habituado a crear materiais (documentos, cartafol, imaxes...) dixitais.				
Valor previsto e data		Alumnado de 1º e 2º EP: crear un cartafol, nomear un cartafol, cambiar de lugar un cartafol, crear un documento de texto con LibreOffice, nomear un documento de texto, gardar un documento de texto, pegar unha imaxe nun documento de texto.	Ao rematar o curso 2022 - 2023			
		Alumnado de 3º e 4º EP: organizar un documento de texto con LibreOffice (formato da páxina, cambio de caracteres, cambio de cores, cambio de tamaño, aliñacións do texto, exportar o documento, cambiar idioma).				
		Alumnado de 5º e 6º EP: organizar un documento de texto con Libre Office (engadir unha táboa, organizar unha táboa, inserir hipervínculo).				
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1:Reunión inicial para organizar o traballo por aulas e trimestres.	Coordinador TIC	Outubro	Espazo para a reunión Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2:Reunión trimestral para comprobar o grao de execución dos obxectivos marcados.	Coordinador TIC	Decembro	Espazo para a reunión Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3:Reunión final para valorar o traballo realizado.	Coordinador TIC	Abril	Espazo para a reunión Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento e avaliación do PD realizarase a través das reunións descritas nos mesmos obxectivos. Realizaranse as reunións descritas nas táboas de obxectivos, ademais de reunións trimestrais para controlar e poñer en común os avances e dificultades que vaiamos atopando no desenvolvemento das actividades. A avaliación final realizarase ao final do curso 2022 - 2023, momento no que se valorará o logro dos obxectivos e as propostas de mellora para o seguinte curso.

Tamén se realizarán varios cuestionarios online para ser completados polo profesorado e polo alumnado no que se reflectirán preguntas para valorar a consecución dos obxectivos marcados.

5. Difusión do plan

Para difundir o PD entre toda a comunidade educativa realizaremos a principio de curso reunións coas familias implicadas para darlles a información precisa do proxecto. Tamén usaremos a páxina web da escola para publicitalo e introducir nela todas as actualizacións e novas informacións que aparezan.